

As 400 voces da radio nas fiestras

Paco Nieto recordou nas Letras das Festas que Radio Lugo, a primeira emisora local, cumprirá 89 anos o día 27 deste mes



Paco Nieto escoita no centro da primeira fila. SEBAS SENANDE



[Jaureguizar](#) 09/out/24

Paco Nieto naceu con voz de radio. Na adolescencia cambioulle o corpo, pero a voz mantívose ese a ton grave e expresivo querido polos micrófonos. O histórico da radio local, colaborador de El Progreso, participou no coloquio *Letras nas Festas*, que organizou a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (**AELG**) no Vello Cárcere.

A radio acendeuse en Lugo o 27 deste mes de 1935, cumprirá 89 anos en dúas semanas. "A primeira emisora chamouse Unión Radio e montouna **Ramón Beberide**, un empresario leonés que xa montara outras". Concretou que estaba no piso máis alto do edificio amarelo que fai esquina na Praza de Anxo Fernández Gómez. "Daquela a cidade tiña 35.000 habitantes e **400 aparellos de radio**". A emisora pasou pronto a chamarse Ser (Sociedade Española de Radiodifusión).

Durante o primeiro ano "estivo **Castelao** falando sobre o estatuto de autonomía e, aínda en xuño de 1936, tamén o fixeron Otero Pedrayo e Alexandre Bóveda."

O uso que se lles daba logo da guerra civil era servir de altofalante para o **franquismo** nos días sinalados, como o da Vitoria. "O gobernador civil mandaba que as persoas que tivesen radio a puxesen na ventá da casa ao **máximo volume**".

O experto contou que "a programación local era de entretemento", animada "por un **piano** que había no estudo". Como curiosidade apuntou que "as doce en punto era *A hora do Ángelus*, polo que quitaban ou micrófono pola ventá para recoller o son d **Torre do Reloxo**".

Cousas da nosa terra

No colector de entretemento entraba *Cousas da nosa terra*, a sección de José Trapero Pardo, que foi director do Progreso, tanto na Ser como en RNE. "No caso de Radio Nacional gravaba vinte programas e mandábaos para A Coruña, onde había emisora", apuntou.

Nieto remarcou o valiosas que eran as necrolóxicas en Radio Popular, que comezou a emitir en 1968. "Veu unha señora dando vos datos dun **finado**. Preguntámoslle cando a emitíamos. Dixo que o señor non morrera aínda, pero que quería reservar sitio para antes do parte, porque as que emitían despois non as escoitaban ninguén".